

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día cinco de novembro do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. alcalde Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 29 de outubro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Acordo do 9 de outubro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña-, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (Expte.: IN407A 2016/492-1 anexo 1). BOP núm. 207 do 30-10-2018.
- Resolución do 9 de outubro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (Expte.: IN407A 2018/153-1). BOP núm. 208 do 31-10-2018.

Código do documento	Código do expediente
USG12I010N	USG/2018/188
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1N4O 0K51 276E 6S03 0H1L	

- Orde do 26 de outubro de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo complementario ao fondo de Cooperación Local para o ano 2018. DOG núm. 208 do 31-10-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 1629 de data do 24/10/2018, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS, SL, para a construción de dúas arquetas e canalización da rede de telefonía na Avda. da Coruña, 26.
- Resolución núm. 1630 de data do 24/10/2018, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para a rede de baixa tensión subterránea no lugar de Boedo, núm. 6 – Veiga.
- Resolución núm. 1631 de data do 24/10/2018, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para a rede de baixa tensión subterránea no lugar de Tarrío, s/n.
- Resolución núm. 1632 de data do 24/10/2018, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para RBT en Valiñas – Sueiro.
- Resolución núm. 1633 de data do 24/10/2018, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á NEDGIA GALICIA, SA, para a acometida de gas natural ao edificio situado na Avda. Alcalde Electo Carballo, núm. 9 – Rutis.
- Resolución núm. 1640 de data do 25/10/2018, pola que se consideran interesados no procedemento que se está a tramitar de vehículo abandonado marca Renault Trafic cor branca, matrícula 8851FPF, á Caja de Ahorros Castellón y Alicante (BANCAJA), e á Agencia Estatal da Administración Tributaria, e requirir aos interesados para a súa retirada.
- Resolución núm. 1641 de data do 25/10/2018, pola que se require á D. J. A. M. T. para a retirada do vehículo abandonado na Avda. de Vilaboa, á altura do núm. 28, que ten a matrícula 5103CCS.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2018-2019

ACTIVIDADE: Contacontos coa Dragona Ramona.

Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.

Datas: do 6 ao 9 de novembro.

Horario: de 9:50 a 13:00 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo, colexio novo e A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º, 4º e 6º de EI.

Nº participantes: 596.

Lugar: Bibliotecas escolares.

ACTIVIDADE: Teatro financeiro: de los cuentos a las cuentas.

Programa: Educación financeira.

Datas: 8 de novembro.

Horario: 1ª sesión: de 10:00 a 11:00 e 2ª sesión de 11:00 a 13:00 h.

Código do documento	Código do expediente
USG12I010N	USG/2018/188
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1N4O 0K51 276E 6S03 0H1L	

Colexios participantes: CPR A Ponte Pasaxe e CEIP Ría do Burgo.
Curso: 6º de EP.
Nº participantes: 82.
Lugar: Salón de actos da Fundación ABANCA, Cantón Grande..

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 9 DE NOVIEMBRO

Biblioteca "Cardeso Liñares" de Vilaboa. 18.30 h:
Contacontos coa Dragona Ramona: *Nicomedes*.
A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 9 DE NOVIEMBRO

Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:
Exposición *Trinta anos ao noso ritmo*. (Club de ximnasia rítmica "Santiago Apóstol"). Fotografías e pinturas de Encarnación Díaz e José Antonio Castiñeiras.
Ata o 1 de decembro.

VENRES 9 DE NOVIEMBRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:
Teatro do Atlántico: *Dúas donas que bailan*.
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

SÁBADO 10 DE NOVIEMBRO

Parque da Torre de Celas. A partir das 18.00 h:
FESTA DO MAGOSTO.

SÁBADO 10 DE NOVIEMBRO

Igrexa de San Estevo de Culleredo. 19.00 h:
FESTIVAL DA CORAL FONTE DO SOUTO.
Actúan: Coral Polifónica "San Roque de Vigo", Coral Polifónica de Bergantiños, Coral Polifónica "Eixil" de Cedeira e Coral Fonte do Souto de Culleredo.
Entrada libre."

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)